

ALUMNADO CON DISCAPACIDADE \geq 65% QUE NON EMPREGUE LIBROS

O alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, matriculado 3º, 4º, 5º e 6º de EP ou 1º, 2º 3º e 4º da ESO, incluído aquel que participa no proxecto E-DIXGAL, cando a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso no que estea matriculado e non existan libros adecuados no fondo solidario en ningún curso, recibirá un vale para libros e outro para material escolar con independencia do nivel de renda:

Discapacidade \geq 65% que non empregue os libros de texto do fondo ou o material dixital (E-DIXGAL)	
Libros	Material
275 €	50 €

ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de EP e 1º, 2º 3º e 4º da ESO, cando a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso no que estea matriculado e non existan libros adecuados no fondo solidario en ningún curso, recibirá un vale para libros e outro para material escolar, en función do nivel de renda (agás o alumnado en garda ou tutela da Xunta de Galicia para o que non se terá en conta o nivel de renda) :

Cursos	Alumando con NEAE que non empregue os libros de texto do fondo ou o material dixital (E-DIXGAL)				
	$\leq 6.000€$	$>6.000 e \leq 10.000€$	$\leq 6.000€$	En garda/tutela Xunta	
	Libros	Libros	Material	Libros	Material
3º, 4º, 5º e 6º EP	210€	140€	50€	210€	50€
1º, 2º, 3º e 4º ESO	240€	160€		240€	

Esta situación deberá acreditarse cun informe do centro onde se xustifique a necesidade de adquirir o material indicado para o alumno e a imposibilidade de empregar os libros de texto do fondo solidario de calquera curso, que debe quedar arquivado xunto coa solicitude.